



GUÍA DOCENTE DE **INSTRUMENTO PRINCIPAL I-VI (PIANO)**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: INSTRUMENTO PRINCIPAL I-VI (PIANO)										
ESPECIALIDADE	Pedagogía				ITINERARIO				Xeral e da llinguaxe musical	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE				Individual	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	DEPARTAMENTO				Piano	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	
ECTS/CUAD.	6	6	6	6	6	6			Observacións:	
									1h.	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Desenvolvemento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas no instrumento ou voz e coñecemento dos diferentes criterios interpretativos.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Aqueles que están implícitos na proba de acceso, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos adquiridos no cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	O coñecemento e dominio da técnica instrumental é un dos contidos fundamentais da titulación, un aspecto no que esta disciplina incide especialmente por ser un dos principais elementos vertebradores da mesma. Na materia instrumento principal piano preténdese acadar unha síntese e dominio das dimensións básicas da interpretación musical profesional. Desenvolvendo un estilo propio como intérprete e con madurez creativa mediante uns hábitos e técnicas de estudo adecuados e valorando críticamente o traballo. Tamén se pretende acadar unha preparación adecuada para a interpretación en público e un coñecemento básico da construción, mantemento, comportamento acústico e características do propio instrumento
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T6, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X11, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EP4
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/ 2015 do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Acadar o nivel técnico que permita ao alumno tocar as obras adecuadas ao repertorio mínimo deste curso.	T2, T3, X1, X3, X6, EP4
Coñecer e adecuar as súas interpretacións ás convencións estilísticas de cada estilo.	T3, X3, X6, X11, X21, T2
Valorar a importancia da constancia no estudo como medio indispensable para desenvolver as destrezas propias dun intérprete profesional	T1, T3, T15, X24, EP4
Acadar un nivel de autoescucha e autocrítica coma medios para controlar a calidade da súa execución e para progresar como intérprete.	T2, T6, T15, X6, X21, X24



4. CONTIDOS

Elaboración e estudo dun programa pianístico formado por obras de diferentes estilos.

Análise formal e estético das obras traballadas.

Traballo específico e pormenorizado de todos os elementos musicais: pulsación rítmica, articulación, precisión de ataques, equilibrio sonoro, timbre, unidade expresiva.

Preparación para a actuación en público

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Exposición práctico-teórica	Presencial	Regular
Lectura guiada e comentario de fontes	Presencial	Regular
Pescuda de información	Non presencial	Permanente
Actividades complementarias	Non presencial	Esporádica
Titorías	Non presencial	Esporádica
Actividades de avaliación:	Presencial	Ao final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*